

Segundo resultados do informe *Do confinamento á exclusión: impacto da crise sanitaria na infancia e a mocidade máis vulnerables en Galicia*

Só o 8,5% da xuventude galega en risco de exclusión segue traballando tras o estado de alarma

- De cada dez persoas entre 16 e 29 anos que afrontaban a crise en situación ou risco de pobreza, oito non teñen emprego e unha está afectada por ERTE.
- Nenas e nenos en risco de pobreza severa: 6 de cada 10 fogares desfavorecidos onde viven menores ven agravada ou moi agravada a súa situación.
- A crise empobrece máis as mulleres: o 84% das menores de 29 están desempregadas e, de cada dez familias monomarentais, seis están desocupadas ou afectadas por ERTE.

Santiago de Compostela - Mércores 13 maio 2020

Igaxes fixo público esta mañá o informe *Do confinamento á exclusión: impacto da crise sanitaria na infancia e a mocidade máis vulnerables en Galicia*. Trátase dun estudo urxente que mide os efectos económicos e sociais da crise entre a poboación moza, por un lado, e as familias con crianzas, por outro, que xa se encontraban previamente en situación ou risco de pobreza.

Na mostra do estudo tomaron parte máis de 500 persoas participantes en programas de atención directa da organización en Galicia. Á vista dos resultados, Igaxes quere elevar unha voz de alarma sobre os **altos riscos que esta crise trae para o benestar e as oportunidades de futuro** da infancia e a xuventude máis vulnerables.

Da vulnerabilidade á emerxencia

Antes da crise sanitaria, un de cada cinco nenos, nenas e adolescentes en Galicia vivía nun fogar pobre. Son arredor de 80.000 nenos e nenas que medraron máis desprotexidos só por naceren nesta situación.

O 74% das nais e pais con fillos/as menores consultadas neste informe estaban empregadas antes do estado de alarma. Un mes máis tarde, só o 43% seguen traballando e o 18% están afectados por ERTE. **O 13% perderon o traballo, o que deixa unha taxa de desemprego do 39%.**

A meirande parte destas familias xa carecían de aforros. Por iso tanto a perda de emprego como o a entrada en ERTE obríganlles a afrontar os gastos diarios só con prestacións e axudas. Se antes chegaban a fin de mes con dificultades, agora deben facelo cun 30% menos de ingresos, no mellor dos casos. **Seis de cada 10 fogares desfavorecidos onde viven menores ven agravada ou moi agravada a súa situación.**

O enorme impacto desta situación fai aínda máis fráxiles os nenos e nenas. O empobrecemento das familias pon en risco o adecuado da súa alimentación, a súa saúde emocional, o seu desenvolvemento cognitivo, as súas oportunidades de aprender e de relacionarse. A sensación de incerteza e falta de control poden prender situacións de malestar e conflito nos fogares ante as cales as crianzas están sempre máis desprotexidas.

Mocidade en alto risco

A comezos do mes de marzo estaban traballando o 23% das mozas e mozos (de 16 a 29 anos) en risco de exclusión consultados. Esta taxa xa estaba 15 puntos por debaixo da xenérica para a poboación xuvenil en Galicia (38%). Tres semanas despois da declaración do estado de alarma, **só continúan traballando o 8,5% e outro 10,8% está afectado por ERTE.**

De entre aquelas persoas mozas que viron alterada a súa situación laboral nas últimas semanas, un 74,6% están en ERTE; o 25,4% perderon o emprego; e só un 3,2% foron novas contratacións. Como resultado, **o 91,49% da mocidade en risco de exclusión non está traballando actualmente.**

Agora, con independencia dos subsidios aos que poidan acollerse, todas as mozas e mozos afectados vense abocados a unha situación de extrema dificultade. As súas prestacións medias serán de **moi baixa contía e curta duración** por mor da precariedade dos seus contratos e da súa escasa vida laboral.

Ademais, o freo á contratación en sectores clave como a hostalería ou o comercio deixará a moitas persoas mozas que buscaban o seu primeiro emprego case **sen opcións de atoparen un medio de vida.** A mocidade ex tutelada e os mozos migrantes non acompañados quedan nunha situación de especial fragilidade, xa que carecen de apoio familiar.

Maiores efectos sobre as traballadoras

Datos relativos á poboación xeral xa apuntan que a destrución de emprego está a ter un peso maior sobre as mulleres. Así queda de manifesto tamén nos resultados deste estudo, con máis forza se cabe.

Na franxa de poboación de 16 a 29 anos, **un 84% das mulleres en risco de exclusión están desempregadas** e outro 9% afectadas por un ERTE. Canto ás nais maiores de 30 anos con crianzas, estas xa partían dunha taxa de inserción sete puntos inferior á dos homes. Agora son tamén as máis afectadas pola destrución de emprego (13,9%, dous puntos máis) e os ERTE (19,4%, catro puntos máis). **Unha de cada dúas viu alterada a súa situación laboral** nesta crise.



**Ningunha moza
e ningún mozo
sen futuro.**

Dentro desta franxa é preciso chamar a atención sobre as familias encabezadas por unha muller soa. **De cada dez familias monomarentais, catro sairán do estado de alarma sen emprego** e outras dúas, en situación de ERTE. O freo á contratación e as súas dificultades para conciliar podería prolongar esta situación e conducir á pobreza severa antes do remate do ano.

Renda mínima universal

A magnitude desta crise fai impostergable implantar unha renda mínima universal ambiciosa, capaz de dignificar a vida das persoas máis vulnerables; de garantir uns estándares mínimos de seguridade e benestar para a nosa infancia; e de preservar o dereito de todas as persoas mozas a un futuro.

Esa renda mínima debe ser **universal, incondicional, compatible con outras prestacións** e sempre aparelada a un plan de inclusión encamiñado á inserción sociolaboral da persoa perceptora. Do contrario non será posible saír da crise sanitaria sen deixar a ninguén atrás.

Por outra banda, a crise puxo aínda máis de relevo que nunca que **o alumnado máis desfavorecido non pode aprender en igualdade de condicións**. Son urxentes políticas educativas de investimento en equidade para que todo o alumnado poida partir cada novo curso desde a mesma liña de saída.

Isto implica destinar máis recursos ás **necesidades e dereitos da infancia máis vulnerable**: o estímulo das capacidades individuais, o coidado emocional e psicolóxico, o apoio individual ao alumnado con dificultades de aprendizaxe; ou a atención permanente ante posibles riscos de desprotección ou violencia.

Ningunha moza e ningún mozo sen futuro

Igaxes é unha organización non lucrativa de atención á infancia e á xuventude máis vulnerables en Galicia. Existimos para que ningunha nena, neno ou mozo teña que renunciar ao seu futuro por razón de pobreza ou exclusión social.

Para seguirmos dándolles coidados durante o confinamento, en Igaxes adaptamos todos os nosos programas de intervención directa á nova situación. No marco da campaña *Alento Familiar* estamos a enviarlles ás familias máis afectadas bonos de axuda urxente, atención emocional e psicolóxica, apoio escolar e dispositivos tecnolóxicos para educación. Tamén mantemos en funcionamento un canal de atención familiar (no número 606 089 054) para prestarlle axuda a adolescentes e familias con crianzas que atravesan situacións de malestar, conflito ou ansiedade.

Máis información e xestión de entrevistas:

Pedro Solla - Director de Comunicación
606 147 623 | pedro.solla@igaxes.org

www.igaxes.org